

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VALEDOR DO POBO

RESOLUCIÓN do 23 de xaneiro de 2025 pola que se convocan dúas bolsas destinadas a persoas con discapacidade física, orgánica ou sensorial para a formación práctica nesta institución.

O artigo 9.2 da Constitución española establece que os poderes públicos promoverán as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos en que se integre sexa real e efectiva, removerán os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitarán a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

O artigo 49 da Constitución española sinala que as persoas con discapacidade exercen os dereitos previstos neste título en condicións de liberdade e igualdade reais e efectivas. Regularase por lei a protección especial que sexa necesaria para o dito exercicio, e os poderes públicos impulsarán as políticas que garantan a plena autonomía persoal e a inclusión social das persoas con discapacidade, en contornos universalmente accesibles. Así mesmo, fomentarán a participación das súas organizacións, nos termos que a lei estableza. Atenderanse particularmente as necesidades específicas das mulleres e dos menores con discapacidade.

O artigo 35 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social, establece que as persoas con discapacidade teñen dereito ao traballo en condicións que garantan a aplicación dos principios de igualdade de trato e non discriminación, e o artigo 59 determina que os poderes públicos desenvolverán e promoverán, entre outras cousas, accións formativas para a promoción da igualdade de oportunidades e a non discriminación, en colaboración coas organizacións representativas das persoas con discapacidade e as súas familias.

En atención a tales previsións legais, a valedora do pobo convoca dúas bolsas por un ano destinadas a persoas con discapacidade física, orgánica ou sensorial para contribuír á súa formación práctica.



Así, en virtude das atribucións que me confire a Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo

RESOLVO:

Convocar dúas bolsas para contribuír á formación práctica de persoas con discapacidade física, orgánica ou sensorial no Valedor do Pobo, de acordo coas seguintes

Bases**Primeira. *Obxecto***

As bolsas terán por obxecto contribuír á formación práctica no Valedor do Pobo de persoas con discapacidade física, orgánica ou sensorial.

Segunda. *Requisitos*

Poderán ser beneficiarias destas bolsas as persoas que acrediten reunir os seguintes requisitos:

- Ser española ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou daqueles Estados aos cales, en virtude de tratados internacionais, lles sexa aplicable a libre circulación de persoas.
- Ser persoas con discapacidade física, orgánica ou sensorial.
- Posuír un grao universitario ou equivalente.
- Ter un coñecemento do galego como idioma propio de Galicia cun nivel Celga 4 ou equivalente.
- Non ter sido beneficiario/a dunha bolsa nesta institución.

Terceira. *Dotación económica e cobertura social*

As persoas beneficiarias da bolsa disporán:

- a) Dunha asignación de 17.400 € brutos anuais, que se percibirán logo de finalizado cada mes do prazo da súa duración, a razón de 1.450 € mensuais, suxeitos á retención que legalmente proceda.



b) De protección social mediante a alta no réxime xeral da Seguridade Social, segundo a normativa vixente e dentro dos requisitos e condicións propios deste tipo de bolsas.

c) Dun seguro que inclúa como garantías o falecemento e a invalidez permanente por accidente, que cubra o período de duración da bolsa, cun importe máximo de 300 euros.

Cuarta. *Duración*

As bolsas terán a duración dun ano, desenvolveranse de forma simultánea e non poderán ser prorrogadas.

Ao finalizar entregárase un certificado acreditativo.

Quinta. *Natureza*

A adxudicación das bolsas non supón vinculación laboral ou funcionarial entre a persoa beneficiaria e o Valedor do Pobo, nin implica compromiso que transcenda o desenvolvemento das tarefas previstas nesta convocatoria.

Sexta. *Desenvolvemento da bolsa*

As persoas bolseiras teñen o deber de:

- Cumprir o programa formativo en prácticas que determinen as persoas titoras, cuns niveis de rendemento satisfactorio. Para estes efectos, deben realizar as actividades de estudo que se consideren necesarias e presentar puntualmente os traballos e os documentos que se requiran. Estes serán de titularidade do Valedor do Pobo e non poden ser utilizados polos autores sen a correspondente autorización.

- Observar a necesaria discreción e respectar a confidencialidade dos documentos e informacións que coñezan no desenvolvemento da bolsa, salvo os que sexan públicos.

- Non adquirir compromisos ou obrigas que impidan o cumprimento íntegro das tarefas de formación en prácticas, agás renuncia expresa da bolsa.

Realizarán o seu programa formativo nas unidades administrativas e áreas da institución, baixo a titoría de cada responsable, e sendo coordinadas polo vicesecretario xeral.



A persoa titular da institución poderá revogar a bolsa se a persoa beneficiaria non realiza ou incumpre as tarefas ou o programa de formación que lle asigne, ou se as tarefas encomendadas non reúnen os requisitos de calidade exixibles. Neste suposto poderá concederlle a bolsa, polo período que reste, á persoa candidata que corresponda segundo a listaxe de reservas elaborada pola Comisión de Avaliación.

Desenvolverán as actividades formativas prácticas durante 37,5 horas semanais.

Habilitarase a posibilidade de realizar parte da formación a distancia (desde o domicilio), sen prexuízo da asistencia presencial cando resulte necesaria, segundo o determinen as persoas titoras.

Terán dereito ao desfrute dos días festivos do calendario laboral, a vacacións e aos permisos necesarios por motivos persoais, logo de solicitude.

As anteriores circunstancias determinaranse segundo as necesidades do servizo.

Salvo baixa médica, a ausencia xustificada ou permitida das prácticas non superará o 20 % da xornada mensual de traballo. De se superar esta porcentaxe, a valedora do pobo poderá rescindir a bolsa.

As tarefas que desenvolverán as persoas seleccionadas, de ser necesario, serán obxecto dunha avaliación por parte de preparadores laborais especializados, que emitirán un informe de análise para o desenvolvemento da bolsa. As persoas seleccionadas disporán da correspondente adaptación nas instrucións de traballo, dos apoios individualizados que sexan necesarios e do auxilio de preparadores laborais.

Sétima. *Convocatoria e solicitudes*

1. Convocatoria.

A convocatoria será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e na web do Valedor do Pobo.

2. Presentación das solicitudes.

As solicitudes e a documentación adxunta presentaranse no Rexistro do Valedor do Pobo (rúa do Hórreo, nº 65, 15701 Santiago de Compostela –A Coruña–) ou por calquera outro medio admitido en dereito.



3. Solicitudes e documentación.

As persoas interesadas deberán achegar o seguinte:

- Escrito de solicitude dirixido ao Valedor do Pobo, cuberto e asinado, conforme o modelo do anexo I.

- Certificación académica do grao universitario ou equivalente, en que expresamente consten a data de iniciación e terminación dos estudos, as cualificacións obtidas e a nota media do expediente académico, na escala numérica de 0 a 10, calculada segundo o sistema establecido no Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

- Copia do DNI ou equivalente.

- Certificado do recoñecemento, grao e tipoloxía da discapacidade.

- Certificado do Celga 4 ou equivalente expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

- Relación de méritos e circunstancias que o/a solicitante somete a valoración consonte estas bases, presentados de acordo co anexo II da convocatoria. Só se valorarán os méritos e as circunstancias que figuren nese anexo.

4. Prazo de presentación.

O prazo de presentación das solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

5. Requirimento de documentación adicional.

A Comisión de Selección poderá requirir a documentación adicional que considere precisa para realizar a súa función. Deberá entregarse de tal forma que permita verificar a súa autenticidade.



6. Posibilidade de retirada posterior da documentación.

A documentación das persoas non seleccionadas poderá ser devolta por petición da interesada ou de quen fose debidamente autorizada, unha vez transcorridos dous meses desde a data en que se faga pública a adxudicación.

Oitava. *Procedemento*

1. Concluído o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión de Selección comprobará, de acordo coa documentación presentada, o cumprimento dos requisitos establecidos na base segunda e avaliará os méritos alegados, conforme os criterios sinalados na base novena desta resolución.

Só se valorarán os méritos que figuren na solicitude.

2. A Comisión requirirá a presentación da documentación ou as aclaracións que xulgue pertinentes, co obxecto de verificar o cumprimento dos requisitos de admisión establecidos na base segunda, ou calquera das circunstancias postas de manifesto nas solicitudes en relación cos méritos alegados, para a súa valoración de acordo co establecido na base novena.

3. Os requirimentos remitiranse única e exclusivamente a través do correo electrónico indicado pola persoa solicitante. A persoa solicitante disporá dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da remisión do correo electrónico, para a presentación da documentación ou aclaracións que lle soliciten.

Se no prazo concedido non se achega a documentación requirida que acredite o cumprimento dos requisitos de admisión, entenderase que a persoa desiste da súa solicitude.

Se a documentación requirida para verificar determinados méritos alegados non se entrega no prazo sinalado pola Comisión, os méritos afectados non se terán en consideración.

Se a documentación requirida é para acreditar méritos de cursos oficiais, para telos en consideración como tales é necesario que se achegue a correspondente acreditación documental.

4. Tras a valoración dos requisitos de admisión e dos méritos alegados, a Comisión publicará na páxina web da institución a listaxe de persoas solicitantes admitidas coa pun-



tuación acadada, e a listaxe das persoas solicitantes excluídas por non cumpriren os requisitos, indicando a causa de inadmisión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación da listaxe, para presentaren ante a Comisión as alegacións ou documentos que consideren que mellor conveñan ao seu dereito.

A Comisión, vistas as alegacións e a documentación presentada, realizará as modificacións que procedan respecto á puntuación acadada e ás inadmisións.

5. A Comisión de Selección elevará á valedora do pobo a súa proposta de concesión das bolsas, incluíndo unha listaxe de persoas suplentes por orde de puntuación.

Vista a proposta da Comisión, a valedora do pobo resolverá a concesión das bolsas.

Novena. *Criterios de valoración*

A valoración dos méritos realizarase de acordo co seguinte baremo:

a) Expediente académico do grao universitario ou equivalente (ata 5 puntos).

No caso de posuír dous ou máis graos universitarios dos requiridos para acceder á concesión da bolsa, será avaliado aquel grao en que a persoa solicitante teña asignada unha nota media máis alta.

b) Outros graos ou equivalentes (2 puntos por cada grao ou equivalente, cun máximo de 4 puntos).

c) Se algún grao ou equivalente é de carácter xurídico, administrativo, de socioloxía ou de ciencia políticas: 1 punto engadido.

d) Mestrados, cursos ou similares co obxecto de complementar ou ampliar a súa formación académica, convocados, organizados, impartidos ou homologados por institutos, escolas oficiais, entidades de interese público e de defensa das persoas con discapacidade e/ou axentes sociais, excluída a formación regrada (ata 4 puntos):

- De 12 a 20 horas: 0,10 puntos.
- De 21 a 40 horas: 0,25 puntos.



- De 41 a 60 horas: 0,50 puntos.
- De 61 a 90 horas: 0,75 puntos.
- De 91 a 120 horas: 1 punto.
- De 121 a 300 horas: 1,5 puntos.
- De 301 a 600 horas: 2 puntos.
- Máis de 600 horas: 3 puntos.

Cando a duración se exprese en anos ou se indique «curso escolar», considerarase *a priori* unha duración de máis de 600 horas, sen menoscabo da verificación que se faga con base na documentación que se requira.

No suposto de que a duración se exprese en meses, valorarase con 0,33 puntos por mes.

En caso de non constar a duración do curso, valorarase con 0,05 puntos.

Para o caso de que se sinalen diversos cursos de similar contido, só se computará aquel que permita obter a maior puntuación.

Para valorar adecuadamente os mestrados e os cursos ou similares, no anexo II deberán constar as horas deles ou, na súa falta, os meses ou anos de duración, ou que foi durante un curso escolar, sen prexuízo da valoración daqueles dos que non conste a duración, con 0,05 puntos.

As prácticas laborais desenvolvidas en organismos públicos ou avaladas ou homologadas por estes valoraranse como cursos oficiais, en función da súa duración. En todo caso, as prácticas integradas na formación regrada ou en cursos alegados non serán obxecto de valoración.

Se a Comisión de Selección require que se acrediten as titulacións ou cursos referidos nas alíneas a), b), c) e d), deberase presentar o título ou certificado do centro ou organismo respectivo.



As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos e certificados que presenten. A Comisión poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia presentada.

e) Circunstancias da persoa con discapacidade (ata 6 puntos):

- Grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, necesidade de axuda de terceira persoa ou mobilidade reducida (2 puntos).
- Pluridiscapacidade (2 puntos).
- Muller vítima de violencia (1 punto).
- Situación ou risco de exclusión social (1 punto).

As anteriores circunstancias deberán ser acreditadas mediante a certificación correspondente e valoraranse de forma acumulativa.

f) Para decidir sobre empates substanciais por méritos equivalentes ou sensiblemente equivalentes, primaranse as mulleres, logo de informe do seu menor grao de inclusión laboral no ámbito da convocatoria (inclusión laboral das persoas con discapacidade física, orgánica ou sensorial); se persiste, as persoas con maior grao de discapacidade, e, se persiste, as que acrediten menor experiencia laboral nos últimos quince (15) anos.

Décima. *A Comisión de Selección*

1. A Comisión de Selección estará composta polas seguintes persoas:

- Presidencia, con voto de calidade en caso de empate: a persoa titular da Vicesecretaría Xeral.
- Vogais: unha persoa designada por CERMI-Galicia e unha persoa designada polos sindicatos máis representativos, con carácter rotatorio dos seus representantes en cada convocatoria.
- Secretaría, con voz e voto: a persoa titular da Xefatura de Sección do Valedor do Pobo.



A valedora do pobo designará os membros suplentes da Comisión, coa mesma procedencia, que substituirán os titulares en caso de renuncia xustificada ou de imposibilidade para o desempeño da función.

Os nomes das persoas que compoñan a Comisión de Selección e dos seus suplentes publicaranse na páxina web do Valedor do Pobo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes.

2. A persoa titular da Secretaría Xeral do Valedor do Pobo asesorará sobre o curso da convocatoria nos aspectos xurídicos ou de calquera outro tipo cando así o solicite a Comisión de Selección.

3. A Comisión instruirá o procedemento de concesión da bolsa e ademais:

- a) Interpretará as bases e resolverá cantas dúbidas poidan derivar delas.
- b) Examinará as solicitudes e a documentación achegada, e comprobará os datos en virtude dos cales se deben adoptar a proposta e a resolución de adxudicación.
- c) Valorará as solicitudes de acordo co baremo que se establece na base novena desta convocatoria.
- d) Requirirá as persoas solicitantes para a corrección das solicitudes e a achega de aclaracións, ampliacións de información ou documentación acreditativa.
- e) Formulará a proposta de concesión das bolsas ás persoas seleccionadas.
- f) Establecerá unha listaxe de suplentes por orde de puntuación, para os casos de desistencia ou renuncia, revogación ou outras causas que deixen vacante algunha bolsa.

Décimo primeira. *Publicidade da resolución de concesión das bolsas*

A resolución da valedora do pobo pola que se concedan as bolsas publicárase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da institución.

As persoas beneficiarias e suplentes figurarán coa puntuación outorgada. A súa identificación realizarase con suficiente grao de anonimización (por exemplo, MPG...678).



O resto das persoas participantes que non figuren como beneficiarias ou suplente, poderán solicitar a súa puntuación, aínda que no seu caso constaría que resulta provisional se non se lles requirise a acreditación dos méritos.

Décimo segunda. *Incorporación e vacantes*

As persoas seleccionadas deberán incorporarse, para o desenvolvemento dos labores de formación práctica, no prazo que sinala a resolución de adxudicación, co fin de achegar os datos precisos para facer efectiva a bolsa.

Se, transcorridos sete (7) días naturais desde a data establecida de incorporación, esta non se producise, a bolsa poderase entender rexeitada, salvo causa xustificativa.

Se a bolsa resulta rexeitada ou queda vacante en período de vixencia, a valedora do pobo poderá propor as persoas suplentes, na orde en que resulten para a concesión das bolsas polo tempo que reste respecto do inicialmente previsto.

A bolsa reducirase proporcionalmente no caso de incorporación tardía, abandono ou renuncia.

Décimo terceira. *Incompatibilidades, obrigas e cumprimento das persoas bolseiras*

Esta bolsa é incompatible con outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados, así como con soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria da persoa bolseira, ou con calquera tipo de ingresos habituais pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado, agás con aquelas axudas destinadas a cubrir algunha das accións formativas que a persoa bolseira vaia realizar segundo os seus estudos (asistencia a reunións, congresos, seminarios ou cursos de especialización).

Décimo cuarta. *Incumprimento das condicións*

A constatación da existencia de ocultación, alteración ou manipulación de datos, ou calquera outro suposto de incumprimento das obrigas ou condicións que motivaron a concesión da bolsa, dará lugar á obriga de lle reintegrar á institución as cantidades percibidas, máis os xuros legais que proceda, todo isto sen prexuízo das responsabilidades en que poida ter incorrido a persoa beneficiaria.



Décimo quinta. *Información en materia de protección de datos*

O tratamento de datos farase de acordo co Regulamento (UE) 2016/679, coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e co resto da lexislación española aplicable nesta materia.

Os datos persoais facilitados no proceso serán tratados para a xestión das solicitudes e o proceso de selección.

Así mesmo, os datos das persoas que resulten adxudicatarias serán tratados para a xestión, a conformación do expediente persoal, o control de cumprimento de obrigas, o aseguramento, a xestión económica e o aboamento da bolsa.

Poden exercerse os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos datos, cando proceda, dirixindo comunicación ao Valedor do Pobo, na rúa do Hórreo, nº 65, 15701 Santiago de Compostela (A Coruña).

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2025

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do pobo (en funcións)



ANEXO I**Modelo de solicitude de bolsas destinadas a persoas con discapacidade física, orgánica ou sensorial para a formación práctica no Valedor do Pobo**

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome
DNI	Data de nacemento	Teléfono
Nacionalidade	Correo electrónico	
Enderezo postal		

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que reúne todos os requisitos exixidos para ser persoa beneficiaria da bolsa e os méritos que indica a continuación, respecto dos cales se compromete a achegar a documentación acreditativa cando se lle requira.

Documentación que deberá achegar xunto coa solicitude:

- Certificado oficial de discapacidade.
- Certificado do Celga 4.
- Outros (especificuense).

Polo exposto, SOLICITA concorrer a este procedemento.

....., de de 2025

Sinatura da persoa solicitante
(sinatura)

Valedor do Pobo (rúa do Hórreo, nº 65, 15700 Santiago de Compostela –A Coruña–)



